

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Jefa de Servicio de Acción Social (LORENA ARANZAZU ABAD CARRERA) a las 13:29 del día 06/08/2026. Mediante el código de verificación 6D465F0D3H3C4T0E08QP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 1051AI0XJ7	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/1520	
6D46 5F0D 3H3C 4T0E 08QP	Fecha 06-08-2026	

15_ ANUNCIO SOBRE REVOCACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2025/2026 POR INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 129 do 05/07/2024), aprobou o 12/03/2025 a *convocatoria para o pagamento de comedores escolares para o curso escolar 2025/2026, por un importe total de 2.253.000,00 euros.*

Como consecuencia do acordo anterior, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un extracto da convocatoria o día 17/03/2025 (BOP núm. 51) e na Base de Datos Nacional de Subvencións con número de identificación: 819848.

Instruído o procedemento de convocatoria a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, resolveu o procedemento mediante resolución do 17/09/2025 (RES/AYT/16107/2025) na que se aprobada a listaxe con CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 que contiña de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

B.- CONTIDO DO ANUNCIO

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local resolveu o 06/08/2026 (RES/AYT/15059/2026) a revogación definitiva de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026 cuxa parte dispositiva se detalla no anuncio que se indica e identifica a continuación para o coñecemento das persoas solicitantes e interesadas, en cumprimento do establecido nos apartados 12 e 15 da convocatoria que regula estas axudas:

PRIMEIRO.- Declarar a revogación definitiva e perda do dereito á cobranza da axuda económica concedida o 17/09/2025 pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade (RES/AYT/16107/2025), na que se aprobada a listaxe con CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 para o pagamento de comedores escolares no curso escolar 2025/2026, por incorrer nas causas de baixa contidas no apartado 14.2 da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025.

- (...)
- 15_Listaxe de persoas afectadas pola revogación de bolsas comedor por incumprimento de requisitos CSV 260J 022J 6T0B 6Z3E 1CBI.

As listaxes recollen por filas cada unha das axudas afectadas pola revogación, o requisito da convocatoria cuxo incumprimento a motiva e a data na que se producen os efectos con carácter total ou parcial.

TERCEIRO.- As anteditas revogacións supoñen unha economía no programa de 2.060,57€ na convocatoria de bolsas comedor para o período 2025-2026 e na anualidade 2026.

CUARTO.- Publicar un anuncio do órgano instructor que lle dea publicidade ao acordo anterior e que servirá de notificación colectiva, que se acompañará da listaxe de uso público sinalada no apartado anterior no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, de conformidade co establecido no apartado 12.2 da convocatoria, e na páxina web dos servizos sociais municipais.



Concello da Coruña

QUINTO.- Darlle conta á Intervención municipal desta resolución para os efectos de comunicar as revogacións definitivas, a aceptación da renuncia e axustes das concesión iniciais de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026 á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEXTO.- Advertirle as persoas interesadas que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, poderá interpoñer os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo de un mes, que se contará dende o día seguinte ao de recepción da notificación. A interposición do recurso non suspenderá, con carácter xeral, a execución do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 39/2015.
- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados e tribunais da dita orde, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

A listaxe que acompaña este acordo recolle por filas, para cada persoa solicitante, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número de expediente asociado
CENTRO	Centro educativo asociado á bolsa comedor
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	Importe total curso 2025/2026 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe imputable á anualidade 2025 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO SEGUINTE	Importe imputable á anualidade 2026 tras a revogación total ou parcial proposta
MENSUALIDADE (SETEMBRO-XUÑO)	Importes mensuais atendendo á modificación tras a revogación
INCUMPRIMENTO REQUISITO CONVOCATORIA	Motivo que provoca a revogación da axuda de conformidade co previsto no apartado 14.2 da convocatoria.
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da baixa

C.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO

A información relativa ao procedemento de revogación de axudas para o pagamento de comedores escolares curso 2025/2026, pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>

Contra a resolución da Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade á que se refire este anuncio, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse calquera dos seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da recepción desta notificación.
- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses. No caso de que a persoa interesada tivese presentado un recurso de reposición de modo previo, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contarse a partir da notificación da resolución expresa do recurso con carácter xeral. No caso de desestimación presunta a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a un prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar o recurso de reposición é dende o día 07 de agosto de 2026 ao 07 de setembro de 2026, ambos incluídos.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,

Directora da Área de Benestar Social